



## 10 DE MARZO DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

# Pola recuperación dos nosos dereitos laborais e sociais

Despois de oito anos de crise económica e dos efectos das reformas laborais e sociais, que desde o 2010, primeiro cos Gobernos do PSOE, e desde o 2012, co Goberno do PP, vai en aumento o retroceso das nosas condicións de vida e dos nosos dereitos laborais e sociais.

A precariedade e a pobreza laboral, o medre das contratacións a xornada parcial, dos contratos que duran horas, días ou como máximo unha semana, a caída dos salarios, o aumento dos desempregados con ingresos inferiores ao SMI, ou quen estando no paro non percibe ningunha prestación por desemprego, é unha realidade que cada día camiña a ser máis estrutural.

Na negociación colectiva, consolídase un novo marco, que descaradamente favorece ao capital, individualizando as relacións laborais, onde o ataque aos nosos dereitos lévese adiante a través da reforma laboral e da centralización da negociación colectiva, coa imposición de convenios estatais fronte aos provinciais e de ámbito galego.

Corremos o perigo da consolidación dunha situación social sen saída, dun empobrecemento xeneralizado e do asentamento, de forma permanente, das novas formas de explotación laboral, das cadeas interminábeis de subcontratación, dos falsos autónomos, de empresas multiservizos, xunto cunha interminábel emigración que, desde o comezo da crise, significou a marcha da Galiza de 153.000 mozos e mozas.


As negativas consecuencias de todo isto, súmaselle as actuacións servís e submisas do Goberno de Feixoo a estas políticas neoliberais, emanadas da Unión Europea e de Madrid. A grave destrución dos nosos sectores produtivos básicos, o desmantelamento industrial, o espolio que sufrimos da nosa enerxía, do noso aforro, das nosas materias primas e do noso excedente económico. As únicas preocupacións do Goberno da Xunta son facilitar a aplicación de leis, como a Lei de Depredación (Lei de Fomento Empresarial), que condenan a Galiza



a non poder utilizar os nosos recursos para o noso desenvolvemento industrial e para a creación de emprego digno, xa que se colocan ao servizo exclusivo de Fondos de Inversións estranxeiros que se enriquecen a base do espolio, á depredación, e a ruína de Galiza.

## En Galiza, emprego, salarios e pensións dignas

A escalada de ataques aos dereitos laborais e aos dereitos sociais, ten tamén posto o punto de mira no sistema público de pensións, promovendo de forma constante escenarios apocalípticos e catastrofistas sobre o futuro das pensións públicas, coa intención clara de implantar un sistema de pensións privados. As últimas reformas ao sistema, tanto a do 2011 (polo Goberno do PSOE,



UGT, CCOO e a Patronal), como a do 2013 (co goberno do PP), que amplían a idade de xubilación e o número de anos para calcular a base reguladora, ao tempo que introducen factores, como o chamado de Factor de sustentabilidade (que empezaría a aplicarse a inicios do ano 2019), o que supoñen é afondar nas dificultades para acceder a unha pensión pública e no empobrecemento das mesmas.

# Derrogación das contrarreformas laborais e da lei de seguridade cidadá

O recorte de liberdades e o retroceso democrático, coa chamada Lei Mordaza e o Código Penal, pretende criminalizar e reprimir a nosa resposta ante esta situación. A utilización de todos os poderes do Estado para esta fin, leva a situacións propias do franquismo, como as duras condenas con pena de prisión de traballadores e traballadoras por defender os dereitos da clase traballadora, ou mesmo a existencia de presos políticos, por defender os dereitos nacionais dos pobos que integran o Estado Español.

Resulta escandaloso, como o Goberno do PP, en minoría no Parlamento español, mantén estas políticas antiobreiras e antisociais, e incluso, pretende ir a máis, mentres as forzas de oposición e da teórica esquerda, son incapaces de promover proxectos de lei que tiren abaixo todas estas políticas e estas contrarreformas laborais e sociais que tanto mal están a facer a clase traballadora.

Nesta dura e grave situación, é lamentábel ver o papel de UGT e CCOO co Goberno do PP e coa Patronal, coñecendo novos pactos sociais, como o recentemente acordado sobre SMI, sen importarlles asumir que están a colaborar na perda de dereitos, na aplicación das reformas laborais e das novas formas de empobrecemento da clase traballadora.

Desde a CIG chamamos á mobilización xeral, á mobilización na negociación colectiva, como a vía para combater e derrotar todas estas reformas e para avanzar na recuperación dos nosos dereitos e dos nosos salarios.

Os tempos que corren demostran tamén as claras, como no ano 1972, a necesidade de esixir democracia real, de poder decidir por nos mesm@s, como clase traballadora e como pobo galego. Galiza é unha Nación, e como tal, ten

dereito á soberanía política. Facer valer os nosos dereitos, será frear todas estas lesivas políticas antiobreiras, antisociais e antigalegas, e permitirá camiñar cara unha situación de emprego, salarios, pensións e condicións de traballo dignas.

## Contra a pobreza e a precariedade

Temos que apostar por outras políticas e polas alternativas que a CIG temos na ILP das 100 Medidas para a creación de Emprego en Galiza e das nosas Propostas en materia laboral e social, para unha nova lexislatura, e que, entre outras, son:

- A derrogación inmediata das contrarreformas laborais, da negociación colectiva, das pensións e da lei mordaza ((RDL 10/2010, RDL 7/2010, RDL 20/2012, Lei 3/2012, ...)
- Derrogación do Decreto sobre Salario Mínimo Interprofesional para 2018 para que de forma inmediata sexa do 60% do salario medio. Supresión do IPREM e utilización do SMI como referente para o cálculo das prestacións públicas.
- Derrogación da LOMCE e do Decreto do Plurilingüismo.
- Derrogación do art. 315.3 do C.P
- Eliminación das subvencións xenéricas á contratación.
- Eliminación das contratación parcial involuntaria.
- Eliminación da subcontratación en cadea.
- Unha nova política fiscal ao servizo dos intereses da maioría social.
- Unha nova política financeira e a creación dunha Banca Pública.
- Redución de xornada laboral ás 35 horas.
- Recuperación da causalidade na contratación.
- Nova regulación do despedimento por causas obxectivas.
- Dereito ao subsidio por desemprego para os maiores de 52 anos.
- Salario de inserción laboral.
- Defensa dos servizos públicos. Incremento do investimento público en ensino, saúde, asistencia e protección social, infraestruturas e I+D+i.
- Derrogación da Lei de Fomento Empresarial e apoio aos nosos sectores produtivos.

## 0 próximo 10 de marzo, mobilízate!!!

**FERROL: Ás 12h. dende o Monumento ao 10 de marzo**

**VIGO: Ás 12h. dende a Dobrada**

Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal